

Curso POO PHP Definición de clases

Definición de clases

A declaración dunha clase en PHP faise utilizando a palabra **class**. A continuación e entre chaves, deben figurar os membros da clase. Unha clase pode ter tres tipos de membros:

- Constantes. Declaránse empregando a palabra **const**. Non usan o carácter "\$" e o seu valor vai sempre entre comiñas e está asociado á clase, é dicir, non existe unha copia deste en cada obxecto. É habitual empregar nomes en letras maiúsculas para os identificadores das constantes.
- Variables. As variables dunha clase reciben o nome de **propiedades** ou **atributos**. Os valores dos atributos de cada obxecto son independentes uns dos outros. Na declaración da clase é posible indicar un valor para cada atributo. Neste caso, todos os obxectos que se instancien a partir dessa clase, partirán con ese valor por defecto no atributo.
- Funcións. As funcións dunha clase reciben o nome de **métodos**.

Pódese indicar o **nivel de acceso ou visibilidade** para cada propiedad e método definido nunha clase (as constantes que conteñan serán sempre públicas). Os principais niveis (**protected** vese coa **herdanza**) son:

- **public**. Os membros declarados como public poden utilizarse directamente polos obxectos da clase.
- **private**. Os membros declarados como private só poden ser accedidos polos métodos definidos na clase, non directamente polos obxectos desta.

Cando se declara unha clase, convén facelo de forma ordenada: primeiro as constantes, a continuación as propiedades, e despois os métodos, cada un co seu código respectivo.

```
class Produto {  
    const EURO = "166.386";  
    private $codigo;  
    public $nome;  
    public $PVP;  
  
    public function mostra_codigo() {  
        print "<p>" . $this->codigo . "</p>";  
    }  
}
```

Un dos motivos para crear atributos privados é que o seu valor forma parte da información interna do obxecto. Outro motivo é manter certo control sobre os seus posibles valores. Por exemplo, non queres que se poida cambiar libremente o valor do código dun produto. Ou necesitas coñecer cal será o novo valor antes de asignalo. Nestes casos, adóitanse definir esos atributos como privados e crear dentro da clase métodos para permitirnos obter e/ou modificar os valores deses atributos. Por exemplo:

```
class Produto {  
    private $codigo;  
  
    public function setCodigo($novo_codigo) {  
        if (noExisteCodigo($novo_codigo)) {  
            $this->codigo = $novo_codigo;  
            return true;  
        }  
        return false;  
    }  
    public function getCodigo() { return $this->codigo; }  
}
```

Aínda que non é obligatorio, o nome do método que nos permite obter o valor dun atributo adoita empezar por **get**, e o que nos permite modificalo por **set**.

É preferible que cada clase figure no seu propio ficheiro. Ademais, aínda que os nomes das clases non son sensibles a maiúsculas e minúsculas, moitos programadores prefieren utilizar para as clases nomes que comecen por letra maiúscula, para, desta forma, distinguilos dos obxectos e outras variables.

Entre as **constantes predefinidas en PHP** atópanse **_CLASS_** e **_METHOD_** que devolven respectivamente o nome da clase e do método que se está a executar.

--Víctor Lourido 19:44 27 jun 2013 (CEST)